

Título: *Sociedad de la información, educación para el desarrollo y cooperación internacional*

Autor: SOTO CARBALLO, Jorge

Cualificación: Sobresaliente *cum laude*

Ano de defensa pública: 2003

Universidade: Universidade de Santiago de Compostela (USC)

1. INTRODUCCIÓN

Non existe ningunha dúbida de que os avances tecnolóxicos aos que nos enfrontamos hoxe en día están a condicionar o modelo de sociedade que coñecemos. Estas novas realidades veñen conformadas por unha colección de cambios no ámbito mundial que repercuten na economía, na política, nos procesos de interacción social, na educación, etc., e que conforman o que hoxe en día denominamos globalización.

A globalización constitúe, por definición, toda unha amálgama de relacións supranacionais. O dicionario da Real Academia Española, na súa edición de 2001, define o devandito termo como: “tendencia de los mercados y de las empresas a extenderse, alcanzando una dimensión mundial que supera las fronteras nacionales”. Malia a definición levarnos a concepcións próximas ao mundo do mercado económico, o transvasamento de capital e de novos deseños na produción tamén é o comezo dunha nova forma de entender as comunicacións, a cultura e a sociedade. É a xénese dunha nova revolución.

A educación como proceso continuo e evolutivo tamén está inmersa neste cúmulo de transformacións. Atopámonos ante a asunción de novos paradigmas en educación, cuxo sinal de identidade vén fixado polas novas tecnoloxías da comunicación e da información e onde, a Internet é peza clave deste actual paradigma da información.

Non obstante, aínda que o fenómeno da globalización nos é próximo no tempo, algúns pensadores sitúan o inicio da nosa economía global na Europa do século XIV coa aparición do comercio nas grandes cidades e coas transaccións mercantís con outros países máis ou menos afastados.

Pero ningún destes cambios alcanzaría o seu sentido pleno e actual sen o concurso dos modernos medios de comunicación. Sen dúbida, estes novos medios orixinaron un novo modo de entender as relacións entre os estados e os cidadáns, conformando o que entendemos por sociedade da información.

A sociedade da información é unha realidade baseada na idea dun novo enfoque humano onde a información e a súa transformación en coñecemento son elementos definitorios das relacións entre os individuos e as nacións.

2. OBXECTIVOS DA TESE

Dende este contexto e partindo da necesidade de afondar máis, o noso estudo-tese respondeu á necesidade de:

- Coñecer as estratexias e propostas desenvolvidas nos ámbitos europeo, nacional e rexional sobre esta nova sociedade da información que conformará novos modelos educativos e propiciará novas fórmulas de desenvolvemento social, onde a democratización e os dereitos individuais se verán reforzados polo acceso ao coñecemento.
- Describir e analizar aqueles aspectos que poden condicionar a situación educativa no marco da sociedade da información.
- Coñecer as estruturas administrativa e institucional, os déficits con respecto á calidade da educación, da sociedade da información no ámbito rural (que por ser esta unha zona xeográfica distinta, xeralmente, presenta, con respecto ás zonas urbanas, deficiencias tanto económicas e de infraestruturas como sociais).

A nova sociedade que se está a conformar estase a resolver nos países industrializados con investimentos moi altos en investigación e desenvolvemento para crear produtos como requisito fundamental para o progreso dos países do primeiro mundo. Esta situación abre novas situacións derivadas da confluencia da globalización no ámbito mundial e das circunstancias concretas que se producen nos países en vías de desenvolvemento. Este traballo tratou de contestar os interrogantes que provoca a masiva proliferación das novas tecnoloxías e o dereito destes países a poder gozar dos novos avances tecnolóxicos sen que iso signifique renunciar ás súas culturas, creando as bases para o progreso a través da formación e do desenvolvemento persoal dos seus cidadáns.

Para iso é preciso ter en conta os dous principios que están presentes de xeito particular nas políticas científicas rexionais orientadas á innovación. Estes principios son a accesibilidade e a receptividade.

A accesibilidade fai pensar na existencia de vías de comunicación áxiles e adecuadas de tráfico físico e intelectual que a innovación tecnolóxica require. As redes de ciencia e tecnoloxía xeran a infraestrutura informatizada necesaria para a conexión de centros educativos, hospitais, organismos de investigación, laboratorios de parques tecnolóxicos e industrias interesadas na IDT.

A receptividade debe entenderse como a capacidade da Administración pública, dos empresarios e dos investigadores dunha rexión de asimilar, adoptar e poñer en práctica accións innovadoras que produzan un diferencial competitivo favorable para os produtos, bens ou servizos que xere. Os plans de investigación

e desenvolvemento tecnolóxico son os principais instrumentos para marcar os eixes de actuación prioritarios no campo tecnolóxico da receptividade na súa dobre vertente: a xeración de tecnoloxía autóctona e o desenvolvemento da rede tecnoeconómica de investigadores.

A consideración da falta de coñecementos (a sociedade da información caracterízase por basearse no coñecemento e nos esforzos por converter a información en coñecemento; canto maior é a cantidade de información xerada por unha sociedade, maior é a necesidade de convertela en coñecemento) como un dos maiores problemas do desenvolvemento supón un tipo de discurso no que participan poucos e que, ademais, adoitan estar lonxe das esferas de influencia. Os países máis desenvolvidos fan énfase na tecnoloxía e no coñecemento para poder competir. Nos países en vías de desenvolvemento, pola contra, parece que os únicos factores que inflúen na competitividade son os custos salariais e do capital, e ignórase que os coñecementos teñen un papel tan importante como eses factores. A información dispoñible sobre o límite á competitividade producida polo déficit de coñecementos é abundante e sábese, tamén, que tipos de dependencia se xeran a consecuencia desas carencias.

3. ESTRUCTURA E METODOLOXÍA DE TESE

A nosa hipótese de traballo, obviamente, é que a chegada da sociedade da información condiciona a mellora da educación para o desenvolvemento.

Para avanzar no contido desta proposición organizamos o traballo en diversos núcleos:

- A promoción da investigación das telecomunicacións en relación coa educación nos ámbitos europeo, nacional e rexional.
- A sociedade da información e a súa relación coas políticas universitarias rexionais.
- Análise do concepto de calidade e dos potenciados de calidade no acceso á sociedade da información para superar eses déficits.
- A importancia dos novos medios de comunicación no ensino na Unión Europea e a significación dos dereitos humanos e da educación para o desenvolvemento nunha nova sociedade que se nos presenta.
- A implantación das novas tecnoloxías nos países en vías de desenvolvemento e posibles solucións á democratización da información e o coñecemento de cara a defender os dereitos dos máis desfavorecidos.

Para desenvolver o traballo apoiámonos en diferente bibliografía pertinente, tanto española como estranxeira, de autores relevantes ou organismos compe-

tentes que nos puidesen facilitar a información axeitada, así como na rede de redes, que utilizamos en boa medida como recurso metodolóxico, onde tivemos acceso a bases de datos, á documentación da Unión Europea, a documentos nacionais sobre as políticas desenvolvidas ata o momento e aos programas de futuro no referente aos Plans Nacionais de I+D e á sociedade da información nos países desenvolvidos e naqueles en vías de desenvolvemento. Trátase, polo tanto, dun traballo de tese orientado á análise conceptual e á planificación da educación dende a perspectiva do desenvolvemento do sistema educativo e da creación de estratexias orientadas ao desenvolvemento e á mellora da educación.

Dende o punto de vista metodolóxico construímos o traballo atendendo a catro principios:

- a. Construcións progresivas parciais en cada capítulo. Cada capítulo é un presuposto para o seguinte.
- b. Construcións analíticas en cada capítulo. Cada capítulo analiza en detalle o problema que o afecta dende o punto de vista conceptual e de xeración de estratexias.
- c. Construcións sintéticas no seu conxunto. Cada capítulo é un todo que favorece a comprensión da planificación do sistema.
- d. Progresións dedutivas entre os capítulos. Os capítulos desenvólvense do máis xeral (o primeiro) ao máis particular (o último).

4. DESENVOLVEMENTO DO CONTIDO

Ao longo do traballo tratamos de demostrar que a chegada da sociedade da información condiciona a mellora da educación para o desenvolvemento.

Partindo das propostas realizadas no ámbito europeo e dos plans desenvolvidos na promoción das telecomunicacións, fómomos achegando ao contexto español para continuar co estudo do estado da investigación e o desenvolvemento das telecomunicacións en Galicia.

A primeira proposta de estudo identificado no capítulo primeiro puxo de relevancia que a sociedade industrializada se atopa no límite dunha nova sociedade caracterizada polos fluxos de información e que repercute na apertura a un mundo multimedia e ao desenvolvemento do que se veu chamando sociedade de información. Neste contexto, os estados están a tratar de responder ás novas necesidades da sociedade europea, é dicir, estanse a facer esforzos para formalizar as redes de comunicación nas empresas, o acceso xeneralizado a bases de datos científicos como modo de axilizar, en custos e tempo, o acceso ao coñecemento. Xeneralízanse os esforzos en materia educativa, créanse redes de información a

través das cales se poden ofertar cursos a distancia e xeneralízase o acceso ao coñecemento como forma de acelerar o que entendemos por democratización do ensino. A telemedicina, o teletraballo, etc. son outras das accións que se están a levar a cabo.

Este compromiso por parte da Unión Europea nace xa nos anos oitenta cando se empezan a lanzar unha serie de importantes programas de investigación e desenvolvemento en materia de tecnoloxía da información. Todos estes programas fóronse sintetizando e ampliando a través do cuarto e quinto programas marco da Unión Europea.

É de sinalar que arredor do VI Programa Marco se realizaron grandes esforzos ata o momento para afrontar os retos socioeconómicos de Europa nos próximos anos. Deste xeito, a través do presente estudo, puidemos comprobar como estes retos tiveron en conta as accións destinadas a definir e mellorar os problemas da sociedade, apostando polo desenvolvemento sostible, a creación de emprego, a calidade de vida e, sobre todo, a globalización do coñecemento como o xeito máis democrático e social de expandir saber a todos os cidadáns nun mundo cada vez máis global. Así a UE está a intensificar cada vez máis os esforzos en investigación e cooperación propiciando fórmulas que permitan a posta en marcha de proxectos comúns a partir das posibilidades que ofrecen as novas tecnoloxías da información. España, como demostramos ao longo do estudo, non é allea aos esforzos realizados dende Europa e, a través dos plans nacionais de I+D, estanse a promover accións que se resumen en catro presupostos básicos:

- A tecnoloxía é un factor clave de competitividade.
- As actividades de I+D son parte substancial do proceso de xeración de tecnoloxía e base primordial do desenvolvemento dun país.
- Os países teñen que desenvolver políticas educativas, científicas e tecnolóxicas que sexan coherentes e que favorezan o proceso de innovación e de difusión de tecnoloxías tendo en conta as súas características específicas.
- Débese propiciar unha ampla distribución rexional das infraestruturas e dos recursos involucrados no proceso de xeración de coñecementos e tecnoloxías.

A Europa das Rexións e os proxectos e programas que se levan a cabo están a incidir de xeito directo sobre Galicia, a pesar de que contemos con iniciativas propias de apoio a I+D, aínda que tamén hai que dicir que as accións realizadas dende Galicia inciden sobre España e Europa.

Galicia, como parte de Europa, non quere perder o tren da innovación nas telecomunicacións de cara ao desenvolvemento social. Deste xeito, estanse a facer considerables esforzos por parte da Administración competente para levar a cabo

unha modernización dos servizos telemáticos, de maneira que nos poñamos á altura das rexións máis avanzadas en materia tecnolóxica.

Este esforzo, como non, tense que ver reflectido nas accións que no ámbito educativo se leven a cabo de cara ao futuro. Para iso faise necesario a formación de persoal especializado, infraestruturas necesarias e, sobre todo, o desenvolvemento de tecnoloxías de servizos avanzados de comunicacións e as aplicacións telemáticas sobre as redes de telecomunicacións.

Toma aquí todo o seu sentido o termo globalización que, malia na súa orixe enmarcarse nos intercambios financeiros, hoxe en día se sustenta nos procesos de intercambio de información que orixinaron non só a ruptura dos marcos dos estados nacionais, senón tamén, mediante a infraestrutura das redes de comunicación, instrumentos efectivos que nos permiten falar da superación das institucións públicas nacionais. Iso trouxo consigo todo un conxunto de oportunidades de acción nunha nova sociedade global. Na dita sociedade global, a educación, a investigación, o desenvolvemento tecnolóxico, a innovación e as redes de información e comunicación xogan un papel especialmente significativo. Por iso é preciso matizar, pola súa relevancia, que a globalización afecta a economía, a política, a vida cultural e os aspectos relacionados cos procesos socioeducativos.

A sociedade da información e a comunicación deben de ser a ponte que permita o progreso dos pobos, o desenvolvemento a través da formación e a información convertida en coñecemento que, transformado en saber, converte o capital humano en mercadoría de progreso. Nesta sociedade da información o medo a exportar modelos culturais, educativos, etc., a través das novas tecnoloxías, aos países en vías de desenvolvemento, como postulan algunhas voces contrarias á extensión dos medios de información, está, dende o noso punto de vista, inxustificable.

A sociedade da información xera unha meta distinta á educación como consecuencia das características máis acusadas da nova sociedade dixitalizada. Neste sentido, a novidade está na súa representación virtual, na capacidade interactiva, na simultaneidade en tempo real, no enfoque global, na perspectiva de relación e de participación e na filosofía sistémica que deriva nun novo conxunto de accións educativas de intervención pedagóxica. Estas condicionan a estruturación dos contidos, as formas de organización escolar e a formación dos profesionais da educación.

Neste contexto a educación debe adaptarse ás novas situacións creando posibilidades de preparar os individuos para a innovación. Neste sentido as políticas orientadas á innovación deberán ter en conta a accesibilidade, o que significa axilidade das vías de comunicación e a receptividade das institucións para adoptar e poñer en práctica accións innovadoras de cara a producir obxectivos de excelencia.

As novas necesidades educativas impoñen que se desenvolvan novas estratexias de ensino e de aprendizaxe, novos modelos educativos condicionados polos procesos de globalización no que están inmersos. Non é posible entender os novos procesos educativos baixo a realidade presente da escola. Os procesos formais e informais téñense que ter en conta para fomentar unha educación permanente ao longo de toda a vida. A escola debe de afrontar os novos retos con creatividade e esforzo para non quedar nunha mera representación do ensino formal sen ligazón coa sociedade da que forma parte. A escola non pode asegurar toda a formación necesaria para conseguir a cualificación en cada caso e hai que asumir que existen competencias específicas de formación noutros ámbitos.

A consecuencia dunha diferente visión da educación nesta nova sociedade da información trae consigo, así mesmo, que se teñan en conta, ao noso modo de ver, parámetros distintos que veñen determinados polo espazo, o tempo, a densidade das estruturas e as interconexións e as novas representacións icónicas e simbólicas internacionais das redes de comunicación e das industrias culturais globais. Estes novos parámetros hai que asumilos como retos que cómpre conseguir, debido a que a construción globalizada da cultura a través da educación na sociedade da educación é un reto sen resolver.

As novas políticas educativas aínda non desenvolveron propostas de choque ante os novos problemas que se derivan dos novos modelos educativos e das novas situacións que irán xerando. Conceptos como as de autonomía escolar, liberdade de ensino ou democratización deberán ser revisados.

Así pois, en vías de reformular outro concepto de educación, é necesario abrir horizontes de cara á excelencia, á calidade do sistema educativo. Esta calidade deberá vir representada por novas formulacións educativas, a necesidade dunha maior descentralización, así como da creación de novas infraestruturas concibidas dentro dun panorama educativo distinto nunha distinta sociedade.

Os profesores non poden ser alleos a estes cambios. A sociedade da información obrígaos a reformularse o seu papel dentro do sistema escolar. Non se poden aplicar as vellas fórmulas. Os alumnos demandan novas actuacións para os procesos de aprendizaxe, xa que a memorización adquire outro sentido (ao non recaer sobre ela todo o proceso de aprendizaxe) e deixa paso a aprendizaxes colaboradoras que adquirirán un protagonismo primordial. Por outra banda, o saber xa non se atopa nos libros de texto. Debido á rapidez con que a información está a cambiar, resulta prioritario ter en conta novas vías de coñecemento.

Neste contexto educativo ao que facemos referencia, cremos que a universidade xoga un papel fundamental xa que pode contribuír dun xeito significativo ao desenvolvemento na sociedade da información, dado que posúe un grao de vir-

tualidade formativa e unha capacidade de renovación tecnolóxica que a fan estar nunha posición determinante de cara a un futuro inminente.

Pero a sociedade da información no noso país debe asumir non só os retos, senón tamén os déficits que agora mesmo fan que Galicia manteña unhas carencias para remediar nos próximos anos.

A sociedade civil demanda novos servizos e novas propostas educativas. Neste sentido as administracións locais non están a asumir as súas competencias (ben definidas na Lei de bases de réxime local): asumir o que provoca que sexan os cidadáns os que manteñan, a través de asociacións cívicas, un papel de responsabilidade converténdose en verdadeiros protagonistas da política social dos concellos. Se estes teñen competencias á hora de dotar os centros educativos de recursos (ordenadores, sistemas audiovisuais...) deberán formalizar novas estratexias planificadas para que a descentralización política repercuta sobre o cidadán amparando as súas demandas, respectando as súas iniciativas e creando o clima axeitado para a colaboración mutua en todos aqueles aspectos que afectan a vida cidadá e, xa que logo, a calidade de vida das persoas.

Por outra banda, hai outro aspecto que ten moito que ver coa democratización do ensino ao que antes faciamos referencia e ao dereito á educación. Estámonos a referir á situación das zonas rurais en Galicia e á educación e ao dereito de todos os cidadáns, tanto da cidade como das zonas rurais, a recibir unha educación de calidade.

Consideramos importante facer fincapé na relevancia que ten para o rural galego a socialización dos procesos tecnolóxicos, é dicir, o aproveitamento que podemos facer da sociedade da información para crear as condicións necesarias para que as condicións de vida melloren a través da formación, da información, e axustar a devandita formación ao contexto na que se vai desenvolver. Accións de formación a distancia, en educación, de telemedicina, en sanidade, de teletraballo na demanda de emprego nas zonas deprimidas de Galicia, non só conformarían un novo modelo de entender a relación cidadán do rural-cidadán da cidade, senón que tamén porían a Galicia á fronte dun novo modelo de sociedade, onde a innovación de cara a conseguir a calidade total tería para a nosa rexión beneficios económicos, sociais, culturais, educativos, ata agora imprevisibles. O reto da calidade vén, neste caso, condicionado polas redes tecnolóxicas de comunicación e polas solucións de infraestruturas de banda ancha para Galicia.

Galicia dispón dunha Rede Galega de Información. Os esforzos por parte da Administración autonómica son considerables para desenvolver todas as potencialidades que este servizo pode ofrecer. Non obstante, as cifras de conexións á rede de redes por parte dos cidadáns galegos poñen de manifesto o lonxe que esta-

mos da media española. Cremos que os organismos deben non só abaratar os prezos de conexión e crear as condicións necesarias para que o acceso aos ordenadores sexa máis doado, senón tamén mellorar as infraestruturas ampliando as redes de acceso e mellorando a Rede Dixital de Servizos Integrados así como investir en políticas favorecedoras da tecnoloxía sen cables.

Pero Galicia como parte da Europa das Rexións está a tomar conciencia da importancia de emendar estes déficits de cara a un futuro de progreso.

É este mesmo progreso o que non ten sentido baixo a premisa da globalización na que nos apoiamos ao longo deste desenvolvemento do contido, o que nos leva a formularnos a necesidade de ter en conta aos países máis desfavorecidos de cara á súa integración na nova sociedade da información.

Se defendemos que a educación é un dereito democrático, se sostemos a pertinencia das novas tecnoloxías da información e da comunicación como vías para o progreso da humanidade, temos, como tratamos de facer ao longo do noso estudo, que reflexionar sobre os retos que a globalización formulará para aqueles países que non posúen nin as infraestruturas nin os recursos económicos necesarios para levar a cabo unha transformación de cara ao desenvolvemento e ao progreso social.

Se, como postulamos no traballo, existen limitacións nos países en vías de desenvolvemento para subírense ao tren da sociedade da información, tamén defendemos que a modernización destes países pasa pola supresión dos monopolios, retomando as fórmulas da desregularización ou da privatización.

Non se trata de defender posturas deterministas neoliberais, máis ben cremos que se debe de fomentar o mercado aberto, de tal maneira que se creen empresas fortes capaces de competir e de facer que a poboación no seu conxunto se beneficie. Cremos que a iniciativa privada pode axudar a consolidar un espazo tecnolóxico de futuro nestes países cuxo límite de pobreza é evidente.

Os beneficios, é claro nestes países, veñen determinados por situacións xeográficas adversas, carencias de infraestruturas, falta de formación, etc. Non obstante, cremos que estes déficits poden solucionarse no marco das colaboracións e permitindo a utilización da tecnoloxía de satélites, da tecnoloxía sen cables nas súas diferentes tipoloxías, o que suporía cubrir todo o espazo territorial dun país, co que se poderían transmitir a baixo custo grandes volumes de datos.

A transmisión de programas educativos ou culturais, a posibilidade de acceder á educación a distancia e a accesibilidade ás redes electrónicas posibilitarían un cambio substancial, ao noso modo de ver, das penosas circunstancias polas que pasan estes países.

Así mesmo, outra prioridade é a necesidade destes países da creación de

políticas de investigación e de formación adecuadas como preferencia fundamental para a modernización social. En todo o mundo os programas de desenvolvemento utilizan cada vez máis a televisión por satélite, a telemática e mesmo as videoconferencias nos campos da saúde, da planificación, da educación, da planificación familiar e do desenvolvemento comunitario.

5. RESULTADOS-CONCLUSIÓNS

O resultado do dito ata agora pon de manifesto que a sociedade da información na aldea global ten un futuro imprevisible. Non existen polo momento indicadores precisos sobre o impacto das devanditas tecnoloxías. Non obstante, cremos que os beneficios serán cuantiosos para os cidadáns que teñan acceso aos medios. Depende das políticas internacionais que a sociedade da información non signifique sociedade da especulación. Cremos necesario fomentar a colaboración e o achegamento aos países menos favorecidos para que sexa a través da educación e da formación que o desenvolvemento se consolide como fórmula imprescindible para o progreso e a calidade de vida dos cidadáns do mundo.

Dende a sociedade da información, os procesos de ensino-aprendizaxe a través de instrumentos tecnolóxicos toman un novo sentido. Isto significa que o éxito desta nova situación está condicionado polo acceso aos novos medios dende o mundo educativo, o que implica un incremento na seguridade de manexo destas ferramentas. É preciso que aumente o desenvolvemento profesional a prol das novas tecnoloxías como premisa necesaria para a introdución destas tecnoloxías no ámbito educativo formal. Dos docentes e da súa relación con estes novos medios depende en gran parte o éxito destas tecnoloxías na escola.

Por outra banda, dende a sociedade da información é necesario facilitarlles o acceso a todos os cidadáns a este ambiente tecnolóxico, así como establecer un marco favorable para o investimento privado e para a creación de novos postos de traballo. É, pois, unha necesidade que vai máis alá das nosas fronteiras e que afecta a todo o territorio europeo e mundial.

Dende Europa estanse a facer esforzos para impulsar o uso de Internet mediante unha maior dispoñibilidade dos contidos dixitais nas redes mundiais co obxecto de apoiar o desenvolvemento profesional, social e cultural dos cidadáns da Unión Europea. Son esforzos que significan unha mellora no acceso á información no sector público, así como un reforzo da produción de contidos nun ámbito multilingüe e multicultural de cara a fortalecer as necesidades de aprendizaxe no espazo europeo de educación.

As tecnoloxías da información adaptadas ás necesidades de aprendizaxe non só poden favorecer o desenvolvemento educativo dos cidadáns, senón tamén

crear ámbitos educativos flexibles e a distancia que faciliten a aprendizaxe máis alá dos espazos educativos tradicionais. Deste modo, a casa, o traballo, etc. convértese en novos lugares de aprendizaxe. Así mesmo, é preciso dicir que, a través destas tecnoloxías, se favorece que as persoas con minusvalías teñan acceso á educación, o que comporta a democratización da educación.

Dende a escola, dende o ámbito escolar reclámase unha xestión adecuada destas tecnoloxías, xa que, de xeito contrario, a situación pode crear desmotivación, unha escasa adquisición de coñecementos e a ineficacia dos alumnos á hora de realizar as tarefas escolares.

Todos estes esforzos e vontades deben de ir encamiñados á asunción dun desenvolvemento social onde a economía, a educación, a xustiza social e a democracia teñan un novo sentido; unhas políticas de desenvolvemento encamiñadas a fomentar a capacidade interna de cada país no que respecta á educación e ao intercambio de coñecementos e o dereito a enriquecerse cultural e socialmente a través das redes.

O desenvolvemento social vincúlase aquí á mellora da calidade de vida das poboacións rurais, así como á estimulación da participación da poboación na vida colectiva, á práctica da democracia e á adhesión aos valores de paz, xustiza e tolerancia. Neste ambiente a educación para o desenvolvemento cobra forza como dereito social.

Así, o uso das novas tecnoloxías da comunicación e da información preséntase como xerador de novos impulsos económicos, sociais e culturais para os países en vías de desenvolvemento. Estes impulsos plasmáronse na práctica na asunción de telecentros onde a autosostibilidade e o compromiso persoal por parte dos directivos destes negocios, así como unha finalidade de ben común, deben de estar presentes.

Dende os países ricos estanse a facer os esforzos necesarios para promover novas formas de goberno europeo, creando un panorama de fortaleza no mundo de cara a mellorar a calidade de vida de todos os habitantes do planeta. Dentro destes esforzos, a tecnoloxía é un factor clave de competitividade e as actividades de investigación e desenvolvemento preséntanse como parte substancial do proceso de xeración de tecnoloxía e base primordial do desenvolvemento de calquera país. Dende os países en vías de desenvolvemento estanse a facer esforzos por xerar políticas educativas, científicas e tecnolóxicas que sexan coherentes e favorezan a innovación e a difusión de tecnoloxías. Este esforzo significa unha distribución rexional das infraestruturas.

Se temos en conta os principios metodolóxicos que fomos aplicando e que se postularon máis atrás, podemos concluír que, tanto dende a perspectiva

da construción progresiva parcial, coma da análise, como da síntese, como da progresión dedutiva, a chegada da sociedade da información condiciona a mellora da educación para o desenvolvemento.

A nosa hipótese de partida confirma que o conxunto sociedade da información, educación para o desenvolvemento e cooperación internacional son elementos claves da mellora da educación para o desenvolvemento.

Dende o punto de vista da innovación, as condicións de accesibilidade e receptividade reclaman a achega positiva da sociedade da información; as novas tecnoloxías aplicadas á educación constitúense nunha ferramenta básica para acceder á educación en zonas de difícil comunicación tradicional porque fan posible alterar a relación espazo-tempo.

Por último, as redes son un dereito social e postúlanse como unha manifestación clara dos dereitos de terceira xeración na sociedade civil. Isto quere dicir que o cambio no concepto de territorialidade cara a unha configuración transnacional no mundo globalizado nos obriga a afrontar o futuro das redes nun marco de cooperación positiva internacional.

Precisamente por iso temos que ser conscientes de que sentido lle damos á globalización no mundo da sociedade da información cando se aplica a cada un dos países do planeta que non renuncian de ningún modo á súa identidade sociocultural.